



Verbo Xido

Asociación Ecoloxista e Cultural da Terra de Montes

CAMIÑO DO POUSO, 2 * 36560 SOUTELO DE MONTES

BOLETÍN INFORMATIVO DE ECOLOXÍA E CULTURA DA TERRA DE MONTES

e-mail: verboxido@yahoo.es

Blog: www.verboxido.wordpress.com

Homenaxe a Otero Espasandín

Sábado 27 de xullo de 2013, 19.00 horas, Castro Domedio, “Casa da Sociedad” comezada a erguer en 1932 e inaugurada no 34 pola “Sociedad de Agricultores y Obreros y Productores” da parroquia de Castro, incorporada á “Federación de Obreros y Agricultores del Ayuntamiento de Cerdedo”.

A Asociación “Verbo Xido”, fronte ao esquecemento e abandono por parte das institucións, quere lembrar e homenaxear na súa aldea natal (no 26 aniversario da súa morte nos EEUU) ao mestre e escritor cerdedense Xosé Roxelio Otero Espasandín

Participa na homenaxe un grupo de máis de medio cento de persoas, contando veciñanza de Castro (entre os que se atopan un sobriño e unha sobriña do homenaxeado) e outras parroquias de Cerdedo e amigos e compañeiros da Asociación. Comezamos por percorrer nesta grata compañía, e guiados por Dionisio Pereira, os camiños de Castro Domedio que Otero andou e paramos nos lugares nos que el parou, empezando pola súa propia casa natal e deténdonos nas casas dos amigos e veciños (os Taboada, os Monteagudo...), mirando de fronte a paisaxe que el mirou e que recorda cando lle escribe a Francisco del Riego cincuenta anos despois dende o exilio: *“Viñen ao mundo co cantar dos galos o 9 de novembro de 1900 nunha pequena aldea do Axuntamento de Cerdedo: Santa Olaia de Castro. Alí, á beira de Castrodiz, e de cara á Conla, pasei os catorce primeiros anos da miña*

vida bebendo a mancheas canto de bo e de malo achei ao meu redor”.

Tras un primeiro achegamento ao autor, a través do lugar, voltamos á Casa da Sociedade, improvisada escola na que Otero non recibiu clases (el ía cos rapaces de Castro á escola da Botica en Quireza) pero si as impartiu a pequenos e maiores nos veráns que pasaba na casa matriz, aínda o local a medio construír.

Dentro agárdanos unha exposición bibliográfica e documental do autor, e seguimos achegándonos á súa figura escoitando poemas seus recitados de boca dos poetas Xosé Luis Santos Cabanas, Susana Sánchez Aríns e Xoán Carlos Domínguez Alberte, que nos agasallan e agasa-Ilan a Otero con cadanseu poema creado para a ocasión, e entre poema e poema interveñen as pandereteiras “Rexoubeiras” de Pontevedra e os músicos da Asociación Cultural “Trepia”. Tras do recital, Dionísio Pereira e Carlos Amable Baliñas (dúas das persoas que mellor coñecen a figura e a obra do homenaxeado, como ben recordou Lola Varela na presentación do acto), pónennos de diante de nós o home e a obra coas súas análises.

Ambos rematan chamando á acción: Baliñas pedindo que se cumpra simbolicamente a última vontade do escritor, que este expresa no poema “Pico de Castrodiz”, de 1942: *acoutar en Castrodiz metro e medio de chan e colocar no interior o nome de Xosé Roxelio Otero Espasandín.*

Dionisio Pereira convidándonos e facéndonos sentir obrigados a recoñecer a Otero como un máis de nós e como un camiño a retomar, que cómpre seguir percorrendo.

Pecha o acto Alexandre Outeiro cun cantar acompañado de zanfona. Quedará constancia desta homenaxe na Casa da Sociedade (onde figura unha placa co nome do autor colocada no ano 2001) cunha copia dunha carta de Otero ao veciño José Taboada e cun panel onde se presenta ao escritor, cos que Verbo Xido agasalla aos veciños de Castro.



Otero Espasandín foi, é, un intelectual noso. Un intelectual, é dicir, un traballador nun eido concreto da vida social, non élite ningunha. E un intelectual de esquerdas, polo que puxo o seu traballo ao servizo da igualdade e se comprometeu na loita concreta pola mesma. Este é o tipo de intelectual que hoxe non ten boa prensa: o que indica un compromiso que é preciso asumir, que abala coa súa actividade, coa súa práctica, que as verdades existen, que non todo é relativo. No momento no que non se atura dos intelectuais que fagan ben o seu traballo, hoxe segue sendo pre-

“Verbo Xido” pretende con esta homenaxe, non só dar a coñecer entre os veciños de Cerdedo (e de Castro en especial) unha figura que merece ser incluída na memoria colectiva, senón que quere ao mesmo tempo producir unha “reactivación” da mesma. Como dixo Dionisio Pereira: *“reclamamos que xa é tempo de recoñecer aos que, como Otero Espasandín, cimentaron coa súa obra e, máis que nada, coa súa humanidade, un compromiso ético hoxe insubstituíble. Queremos que se recoñezan os seus logros e tamén os seus padecementos. Queremos que se lles bote de menos e, ao tempo, sentirnos acompañados por eles no roteiro que cada quen decida emprender”*.

ciso “reactivar” a figura de Xosé Otero Espasandín, non só como pasado senón como horizonte.

E é noso pola súa práctica humana, non pola súa orixe. Mais é o feito que naceu neste lugar, que sen Castro, sen o val de Quireza, Otero non tería sido Otero, e que non só nunca renegou da súa procedencia senón que a reivindicou sempre. Así que o acollemos no noso imaxinario como un veciño máis. Que aquí poida descansar e que a súa semente traída polo vento dende Castrodiz atope nesta terra sitio onde agromar.

Monserrat Fernández Arén

Poemas para Roxelio Otero Espasandín

Xoán Carlos Domínguez Alberte

Misión Pedagóxica

Para a memoria de Xosé Otero Espasandín, que formou parte desta iniciativa cultural republicana, quen mesmo dirixiu unha Misión, en 1935, na contorna do monte Pindo.

*En Escudeiros algúns vellos
dicían que a biblioteca se puidera esconder
na mina do Portal da Veigha.*

*Eran mineiros e como sabían ler
o porvir nas ringleiras máis fondas
da terra resgardaron en espazo segredo
algunhas das palabras máis fermosas:
 harmonía
 compromiso
 solidariedade*

comunal

insumisión

*Chamábanos comunistas e sabían ler
as liñas do porvir nos sucos fondos da terra.*

*No val de Ramirás
as Misións Pedagóxicas baixaron o pano
cun disparo definitivo
empezou a traxedia
a mediados do 36.*

*En Escudeiros seguiu habendo
galerías subterráneas de intelixencia
ocultas para os que non sabían ler
nas veas fondas da terra.*

*Chamábannos comunistas
e dende a negrura fonda
dos tempos aluman co facho
das palabras máis fermosas
a derradeira e auténtica
misión pedagóxica
do portal do horizonte
da civilización.*

Historias de Xosé

*El e mais o meu avó
levaban o mesmo nome
e naceran a comezos de século
1900 e 1901.*

*Ambos compartían semellantes ideas
e arelaban comúns ideais:
liberdade, paz, prosperidade, progreso,
renacemento da nación.*

*Un mobilizouse na trincheira leal
da República.
O outro sempre se desmobilizou
a favor da barbarie.*

*En 1935 levaron a Misión Pedagóxica
ao monte Pindo.
A mediados do 36
as entrañas fecundas das minas de Escudeiros
coma o segredo mellor gardado
agacharon a biblioteca da derradeira misión
no val de Ramirás.*

*A xeración dos netos
como fan en Verbo Xido
persoas como Dionisio Pereira
deben descubrir agora as verdades
máis agachadas daqueles tempos.*

*Historias de homes e mulleres.
Do tempo de Xosé.*

—O mestre Otero Espasandín (1900-1987).
—O tratante Alberte Vázquez (1901-1984).

*Á plena luz da liberdade
que lles impediron gozar
con plenitude
e que a vida os obrigou
no exilio e na represión do silencio
a botar terra por medio.*

A boa escola

*Xosé Otero Espasandín foi mestre en 1923 no Pósito de Pescadores de Ribeira. En plena guerra incivil, na revista antifascista Nova Galiza, en Barcelona, en xaneiro de 1938, iniciaba así un artigo titulado "As promesas galegas: a nosa escola": "Cando penso no que pra mín puido sel-a escola e non foi, nas forzas e arelas da miña neñez que puido guiar e despertar, doume conta do que unha boa escola sinifica pra o adianto dos povos, pra a felicidade dos homes."
O seu pensamento cobra máxima actualidade nesta época de descarrilamento dos servizos públicos por parte da centralizadora ideoloxía neoliberal instalada no poder.*

*Quería deixarlles escrito un Alfabeto
en verso co saber das propias palabras
mais os seus alumnos
xa non puideron ter máis instrución.*

*Nos ollos en vela dos mozos de ribeira
batuxaba a forza bravía do mar
ao abrir cada mañá
a escola de pescadores.*

*A boca fresca do mestre devalaba
o sabor exacto das palabras
con acento enxebre e ollar verde de castro
nun rianxo zumegante de termos
con frescura limpa de mar:
sarda, maraghotá, surel, sardiña,
polbo, rabalisa, ameisa, llapra,
ouriso, sapo, caramuso, linqueirón...*

*Ás casas dos pescadores de ribeira
a fartura só había vir boureando
nunha gamela calculada de conceptos
sen máis fe que a ciencia exacta
do trafego diario do rumbo con vela seguro.*

*Quixo deixarlles escrito un Alfabeto
en verso co saber das propias palabras
mais aqueles mozos pronto tiveron que cambiar
ao paso firme da instrución.*

O Alcouce, 28 de xullo de 2013



Un dos últimos retratos de Otero Espasandín

Para Otero Espasandín, de parte dun peregrino na súa Terra de Montes

*lambe orballiñas
e asubiar asubía
... asubía o vento*

*escoitade:
.... Suído*

*(o vento ten marcos no Seixo
e arremuíña aciveiro no Candán)*

*Suído Seixo Candán
terra
Suído Seixo Candán,
montes*

*Terra de Montes
.....*

*e daquela a augha?
daquela
Avia Lérez Umia Deza Verdugo?*

*ai a iaugha
que escorre coma a vida
ai a iaugha!*

*augha que é vida e viño no Ribeiro do Avia
que murmuria so as pontes de ceo do Lérez
e tamén na esquerda do Ulla:
Deza
ou nun costado do Mar da Arousa de Dieste:
Umia*

*mais o Verdugo, Otero,
o Verdugo, Espasandín,
o Verdugo, despois da Ponte Sampaio
o Verdugo sabe de mortes
da morte do amigo en San Simón:
velaí o horror
a barbarie
que nos persegue
aínda
.....*

*lambe orballiñas
e asubiar asubía
...asubía o vento*

*Suído Seixo Candal
terra
Suído Seixo Candal
montes
Terra de Montes*



Xosé Luís Santos Cabanas durante a súa intervención no acto de Castro

aritmética

sabendo de otero espasandim

*carrego ao lombo
como solitária equipagem
uma regra de cálculo*

trinta rigorosos centímetros

para medir

*a minha pouquidade entre alturas pirinencas
a grandura da raiva que me envolve*

a imensidade da minha dor

timbre

*as gavotas invadem
o pátio à volta do recreio
um minuto após das doze*

*petiscam entre a erva
e nas mundas linhas do campo
migalhas de pão bolhicaos
anacos de chouriço*

*restos da infância
que deixamos atrás*

da escola I

*noites de inverno
escano na lareira
tiçom na borralha
a esborranchar letras*

*lapis de cinsa
para apreender o nome*

*chegado o verão
assinar a paisagem
como afamada artista
com um paucinho
na borda de areia*

*orgulhosa da alcunha
nomeada no mundo*

